

# 7




A poboación xitana inactiva

## 7. A poboación xitana inactiva

Do mesmo xeito que fixemos en anteriores capítulos, analizando outros aspectos, podemos establecer dous datos acerca da inactividade entre os xitanos residentes en Galicia. En primeiro lugar, e tendo en conta os actuais criterios do INE, sobre os 10.108 xitanos de 16 e máis anos que hai en Galicia, **un 33,3% está clasificado como “inactivo”**, o que supón ao redor de 3.400 xitanos inactivos en todo o territorio galego, onde o 83% son mulleres.

Pero vexamos as diferenzas nas situacións de inactividade entre o colectivo xitano e o conxunto de inactivos de Galicia.

**Gráfico 7.1. Comparación das diferentes situacións de inactividade dos xitanos coa do conxunto da poboación inactiva de la Galicia (%)<sup>1</sup>**



Hai importantes diferenzas na composición da inactividade entre a totalidade da poboación galega en relación ao colectivo xitano. Así, a maior diferenza obsérvase no conxunto “Perceptor de pensión distinta da de xubilación ou prexubilación” onde a poboación xitana é moi superior en proporción ao colectivo da poboación galega total que se atopa na mesma situación. Entre estes últimos atopamos unha proporción maior de amas de casa; á súa vez tamén presentan unha proporción máis elevada de “outras situacións”. Mentres os valores son máis altos, para o conxunto da poboación de Galicia, cando falamos dos colectivos de estudantes, incapacitados permanentes e xubilados/pensionistas especialmente.

É obvio que o que está debaixo destas cifras é a estrutura demográfica peculiar da poboación xitana: unha moi baixa idade media (33,59 anos) que está asociada, como non podía ser doutro xeito, a unha moi baixa proporción de poboación maior de 65 anos (2,3%).

<sup>1</sup> O gráfico que se presenta refírese a unha pregunta múltiple onde os enquisados podían elixir ata tres respostas. Este feito supón que a distribución porcentual por casos de todas as situacións sumaría máis dun cento por cento, posto que un mesmo suxeito podía situar en varias categorías. Isto non sucede cos datos da poboación total galega obtidos no INE a través da EPA. Segundo a EPA, a distribución porcentual de inactivos suma cen en base aos casos e non ás respostas, cuestión que é un tanto incompatible coa elaboración dunha pregunta de resposta múltiple. Polo tanto, procedeuse a presentar a distribución porcentual por respostas da poboación xitana (onde o sumatorio é igual a un cento por cento), coa intención de posibilitar a comparabilidade entre ambas as poboacións.

## O EMPREGO NA POBOACIÓN XITANA DE GALICIA

Isto unido á moi baixa taxa de poboación estudante maior de 15 anos de idade, configura de xeito definitivo o gráfico anterior.

Se comparamos os datos dos xitanos inactivos de Galicia cos do conxunto do país, a estrutura por situacións de inactividade é similar; tan só cabe apuntar que entre os galegos teñen algo máis de peso os xubilados ou pensionistas (38,4 puntos), os estudantes (9,7 puntos) e os incapacitados permanentes (6 puntos).

Habemos de sinalar, xa desde o principio, algo que xa se enunciou na introdución deste informe. O concepto de “inactividade económica” utilizado polo INE e outras institucións oficiais é, cando menos, discutible, posto que “oculta” -non recolle nin recoñece como “actividade económica”- por exemplo o traballo das amas de casa. Este colectivo é o grupo maioritario de “inactivos” entre a poboación dos xitanos inactivos e o segundo en importancia no conxunto da poboación galega, respecto do cal hai xa unha extensa bibliografía que insiste en que este criterio supón unha ocultación real dun elevado porcentaxe do PIB nacional e que debe ser tratado como “economía mergullada” e non como “inactividade”.

Ademais, habemos de subliñar o feito de que a inactividade do colectivo xitano (33,3%) é, aínda co anterior, bastante menor que a do conxunto da poboación de Galicia, que segundo os datos do último trimestre da EPA, situouse nun 45,6%. Isto supón que **os xitanos inactivos, e segundo os criterios do INE, están 12,3 puntos porcentuais por baixo da inactividade do conxunto da poboación galega.**

En calquera caso, e dado que os/as xitanos/as inactivos/as son principalmente quen se dedican aos labores do fogar, é lóxico, por iso, que o 82,9% dos inactivos sexan mulleres, fronte ao 61,5% de mulleres presentes entre os inactivos do conxunto da poboación na rexión.

Pero con todo, o máis relevante é o reflectido no gráfico 7.2; a comparativa por grupos de idade entre os datos dos inactivos da EPA cos da nosa sondaxe á poboación xitana, é bastante significativa.


Ata os 54 anos, en todos os grupos de idade son máis, en termos relativos, os inactivos xitanos que os da EPA para o conxunto de Galicia. Destaca en especial que no colectivo xitano a proporción de inactivos menores de 25 anos (27,9%), se temos en conta que entre os inactivos xitanos só o 5,5% son estudantes, comprobaremos que no noso caso estamos falando maioritariamente de mulleres novas que se dedican aos labores do fogar (máis dun terzo de quen se dedican a “os seus labores” teñen menos de 25 anos de idade).

Doutra banda, no extremo oposto, poboación maior de 54 anos, atopámonos con que ten moito peso cando falamos de toda a poboación de Galicia: case sete de cada dez teñen estas idades. No mesmo grupo de idade só nos atopamos cun 17,8% de inactivos xitanos.



## 7. A poboación xitana inactiva

Gráfico 7.2. Distribución dos/as inactivos/as xitanos/as e do conxunto da poboación de Galicia, segundo grupos de idade (%)




O grupo máis numeroso dos inactivos xitanos atopámolo no de 25-54 anos de idade (54,3%), dos cales un 77,1% son mulleres e, por suposto, a maior parte dedicadas a labores do fogar.

Un 80,5% dos inactivos ten fillos ao seu cargo. O 79,7% de quen realizan labores en casa, a inmensa maioría dos xubilados, dos que perciben a Renda Mínima e unha pensión distinta á da xubilación.

En canto ao estado de saúde, os inactivos recoñecen ter peor estado de saúde que o resto da poboación xitana, xa que un 8,0% da poboación total declara atoparse nun estado de saúde malo ou moi mala fronte ao 15,5% dos inactivos que así o declaran. Os que din ter peor estado de saúde son o 37,7% dos “xubilados ou prexubilados”, o 37,5% que perciben unha “pensión distinta á de xubilación” e os “incapacitados permanentes” con valores do 33,3%.

Gráfico 7.3. Distribución dos niveis de estudos entre os colectivos xitanos dos activos e inactivos de Galicia



## O EMPREGO NA POBOACIÓN XITANA DE GALICIA

Tamén **son moi significativos os niveis de analfabetismo dos xitanos inactivos** galegos, aínda máis cando os contrastamos cos niveis do colectivo dos xitanos activos de Galicia. Así, entre os xitanos inactivos galegos son **analfabetos absolutos o 27%** mentres tan só o 6% dos xitanos activos.

Despois, cando máis ascende o nivel formativo os xitanos inactivos son menos representados fronte a unha maior presenza dos xitanos activos. Entre os analfabetos funcionais, é dicir sen estudos, os inactivos presentan unha alta proporción alcanzando o 52%, no entanto é sensiblemente inferior ao analfabetismo dos xitanos activos co 64%. Por outra banda, a proporción de inactivos que superou o primeiro grao de estudo é tamén inferior aos activos de 8,6 puntos porcentuais.

**Os niveis formativos moi baixos e baixo predominan entre a poboación xitana inactiva de Galicia** (amas de casa, xubilados, incapacitados, etc.) concentrándose nas mulleres no 85,7% dos casos.

